

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE FACENDA

*Orde do 27 de xullo de 2010 pola que se exclúen dous dos aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso, polo sistema de acceso libre, na categoría 041 (oficial de defensa contra incendios forestais) do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, convocado pola Orde do 4 de decembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 241, do 12 decembro) e se designan dous novos aspirantes no seu lugar.*

En virtude da Orde do 1 de xuño de 2010 fíxose pública a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso na categoría 041 (oficial de defensa contra incendios forestais) do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (DOG nº 106, do 7 de xuño).

Unha vez advertido que dous dos aspirantes incluídos na dita resolución non acreditaron cumprir os requisitos especificados na base I.2. da Orde do 4 de decembro de 2008, pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso na categoría 041 (oficial de defensa contra incendios forestais) do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (DOG nº 241, do 12 de decembro), esta consellería

#### DISPÓN:

Primeiro.-Excluír os aspirantes Manuel Vázquez García do ámbito de Ourense e Roberto Otero Ledo do ámbito de Lugo do proceso selectivo para o ingreso polo sistema de acceso libre na categoría 041 (oficial de defensa contra incendios forestais) do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, convocado pola Orde do 4 de decembro de 2008 (DOG nº 241, do 12 de decembro).

Segundo.-Declarar que superaron o dito proceso selectivo os seguintes aspirantes, nos ámbitos e coas puntuacións que se indican de acordo coa relación complementaria elaborada para tal efecto polo tribunal cualificador do proceso ao abeiro do previsto na base II.2 da Orde do 4 de decembro de 2008.

#### Lugo

Apelidos e nome	NIF	Base II.1.1.1	Base II.1.1.2	Base II.1.1.3	Base II.1.1.4	Total
Moscoso Rodríguez, Ángel Manuel *	33331894-H	0,52	0,60	0,00	4,00	5,12

\*Discapacitados

#### Ourense

Apelidos e nome	NIF	Base II.1.1.1	Base II.1.1.2	Base II.1.1.3	Base II.1.1.4	Total
González Pérez, Jacinto	34936970-Q	15,40	2,05	0,00	4,00	21,45

Terceiro.-Abrir o prazo de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde, para que os ditos aspirantes remitan á Dirección Xeral da Función Pública a documentación a que se refire a base IV.3 da orde de convocatoria.

Cuarto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os aspirantes poden interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2010.

Marta Fernández Currás  
Conselleira de Facenda

*Orde do 28 de xullo de 2010 pola que se procede ao nomeamento como funcionarios/as do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de letrados, dos aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 13 de xullo de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 138, do 16 de xullo).*

En virtude da Resolución do 1 de xullo de 2010 (DOG núm. 134, do 15 de xullo), o tribunal nomeado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de letrados, convocado pola Orde da Consellería de Facenda do 13 de xullo de 2009 (DOG núm. 138, do 16 de xullo) fixo pública a relación de aspirantes que o superaron.

Unha vez examinada a documentación presentada polos referidos aspirantes segundo o previsto na base IV.2 da convocatoria, esta consellería, de conformidade co disposto no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, no Decreto 95/1991, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Xunta de Galicia, nas bases da convocatoria e demais normas concordantes,

#### DISPÓN:

Primeiro.-Nomear funcionarios/as do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de letrados, os aspirantes aprobados que se relacionan no anexo desta resolución, de acordo coa puntuación final obtida, e adxudicarlles os postos de traballo que así mesmo se especifican e co carácter que nel consta.

Segundo.-Para adquirir a condición de funcionarios/as de carreira as persoas a que se refire o anexo desta orde deberán cumprir os requisitos exixidos no artigo 47 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-Contra esta orde que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou impugnar directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2010.

Marta Fernández Currás  
Conselleira de Facenda

#### ANEXO

Número: 1.

Apelidos e nome: Folgueral Madregal, Guillermo.

NIF: 44337779-V.

Puntos: 98,75.

Código do posto: PR.102.00.000.15770.011.

Denominación: letrado.

Centro destino: Asesoría Xurídica Xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.

Carácter: provisional.

Número: 2.

Apelidos e nome: González Tato, Guillermo.

NIF: 53178579-A.

Puntos: 88,52.

Código do posto: PR.102.00.000.15770.013.

Denominación: letrado.

Centro destino: Asesoría Xurídica Xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.

Carácter: provisional.

Número: 3.

Apelidos e nome: Barcia Casanova, Juan Roberto.

NIF: 33289908-F.

Puntos: 82,11.

Código do posto: PR.102.00.000.15770.012.

Denominación: letrado.

Centro destino: Asesoría Xurídica Xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.

Carácter: provisional.

Número: 4.

Apelidos e nome: Fernández Pérez, Carlos.

NIF: 44445660-T.

Puntos: 79,27.

Código do posto: PR.102.00.000.15770.011.

Denominación: letrado.

Centro destino: Asesoría Xurídica Xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.

Carácter: provisional.

Número: 5.

Apelidos e nome: Jamardo Carballo, Isabel.

NIF: 77401835-G.

Puntos: 78,76.

Código do posto: SA.S99.10.002.27001.002.

Denominación: letrada.

Centro destino: Servizo Galego de Saúde.

Localidade: Lugo.

Carácter: provisional.

Número: 6.

Apelidos e nome: Fuertes Carballeira, Manuel Tomás.

NIF: 32703370-S.

Puntos: 77,76.

Código do posto: PR.199.10.000.36001.002.

Denominación: letrado.

Centro destino: Gabinete Xurídico Territorial Asesoría Xurídica.

Localidade: Pontevedra.

Carácter: provisional.

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 9 de xullo de 2010 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira do corpo de mestres para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente.*

Pola Orde do 11 de maio de 2010 (DOG do 21 de maio) convocouse concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira do corpo de mestres para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente.

En aplicación do disposto no artigo sexto da orde de convocatoria, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública, no anexo que se xunta, a adxudicación dos postos obtidos no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo sétimo da Orde do 11 de maio de 2010 (DOG do 21 de maio), os seleccionados deberán incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro do ano 2010 e cesarán no seu destino de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano.

Terceiro.-As prazas adxudicadas serán por un ano, prorrogable ata que o alumnado remate a etapa edu-